



*Nota de prensa*

**Aposta pola acción solidaria**

## **EROSKI SÚMASE OUTRO ANO MÁIS Á TRADICIONAL GRAN RECOLLIDA DE ALIMENTOS**

- Os consumidores poden doar o importe que desexen ao pasaren por caixa e posteriormente os Bancos de Alimentos trocarano por alimentos
- A recollida, que se enmarca no reto de conseguir 5 millóns de comidas ata o 6 de xaneiro, terá lugar entre o 19 e o 25 deste mes
- Na última campaña a prol dos Bancos de Alimentos, a Operación Quilo celebrada o pasado mes de maio, EROSKI e mais os seus clientes doaron 185.000 quilos de alimentos básicos
- EROSKI colabora dende hai máis de 20 anos coa Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL)

**Elorrio, 18 de novembro do 2021.-** [EROSKI](#) pon en marcha un ano máis a tradicional campaña da Gran Recollida de Alimentos que a [Federación Española de Bancos de Alimentos \(FESBAL\)](#) e os seus 54 Bancos asociados organizan para recadar as doazóns dos consumidores que queren axudar aos colectivos máis desfavorecidos. Máis de 1.100 establecementos, que inclúen supermercados, hipermercados e franquías da rede comercial de EROSKI, ofreceranlles aos seus clientes dende este venres ata o vindeiro 25 de novembro a posibilidade de realizaren unha achega económica a prol dos Bancos de Alimentos.

Nesta ocasión, como xa se fixo en anteriores campañas, os consumidores poderán colaborar doando o importe que desexen ao pasaren por caixa. Ao remate da campaña, a cantidade obtida a través destas doazóns quedará á disposición dos Bancos de Alimentos asociados a FESBAL para adquiriren os alimentos que consideren máis convenientes e necesarios e que permitirán cubrir as necesidades básicas de alimentación de centos de familias durante todo o ano. Voluntarios do Banco de Alimentos e EROSKI informarán os clientes nas tendas sobre a campaña.

*"Un ano máis, apelamos á solidariedade dos nosos clientes cos colectivos máis necesitados. Pola nosa banda, dende a cooperativa trasladaremos o noso apoio ao inestimable labor que realizan os Bancos de Alimentos sumando unha achega adicional sobre o total da doazón realizada polos clientes",* explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Pola súa banda, o director de FESBAL, Miguel Fernández, sinalou que *"desde a Federación Española de Bancos de Alimentos e os 54 Bancos de Alimentos asociados, sentímonos especialmente agradecidos a cadeas de supermercados*

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

#### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



*como EROSKI por se sumaren á campaña da 'Gran Recollida de Alimentos'. Coas doazóns recibidas, os Bancos de Alimentos poderán responder á demanda dos alimentos máis necesarios no momento preciso para seguir atendendo os colectivos máis vulnerables".*

Durante a anterior campaña a prol dos Bancos de Alimentos, a Operación Quilo celebrada o pasado mes de maio, EROSKI e os seus clientes doaron 185.000 quilos de alimentos básicos, o equivalente a medio millón de comidas, que cobren as necesidades de alimentación de 200 familias durante un ano.

Ademais, EROSKI afronta tamén o reto de conseguir 5 millóns de comidas para doarlle a FESBAL no 2021, reto que se estende ata o 6 de xaneiro e que espera lograr grazas ás doazóns da Gran Recollida e da campaña de Nadal dos Céntimos Solidarios.

### **Máis de 20 anos colaborando cos Bancos de Alimentos**

A colaboración de EROSKI cos Bancos de Alimentos remóntase a 1996 por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores, que lle demandaban á cooperativa iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social. Así naceron ese mesmo ano as campañas "Operación Quilo" de recollida de alimentos nas tendas EROSKI.

Posteriormente, EROSKI iniciou o seu programa de doazón de alimentos envasados próximos á súa data de consumo preferente, pero aínda aptos para o seu consumo con total seguridade alimentaria.

EROSKI foi recoñecida co "Premio Espiga de Ouro", o máximo galardón que outorga a Federación Española de Bancos de Alimentos a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)